

XI CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA DE LUGO
MIHL Sons-XXI
11, 15, 16 Abril 2023



UNIVERSO REICH

Cardinais – Academia Internacional Vertixe Sonora 2022/2023

Grupo de danza contemporánea do Conservatorio Profesional de Danza de Lugo

Alumnado da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón


Martes 11 de abril de 2023

20:00 h.

Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo



vertixe
sonora



Conservatorio Profesional
de Música
LUGO
X. D. A. N. M. O. N. T. E. S.



SINOPSE

«Universo Reich» é un proxecto pedagóxico colaborativo desenvolvido por alumnado da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón, do Conservatorio Profesional de Danza de Lugo e de Cardinais – Academia Internacional Vertixe Sonora 2022/2023. Tomando como punto de partida a lexendaria peza musical de Steve Reich *Music for 18 Musicians* e a través da metodoloxía *Art Thinking*, dito alumnado presenta unha proposta artística propia coa axuda e coordinación do profesorado das tres institucións. Desta forma, frutifica un traballo conxunto dunha dimensión artística e educativa sen precedentes no ámbito educativo galego.

PROGRAMA

- **Steve Reich** *Music for 18 Musicians* (1976) 3 marimbas, 2 xilófonos, vibráfono, violín, violonchelo, 2 clarinetes e clarinetes baixos e 4 voces femininas

Cardinais - Academia Internacional Vertixe Sonora 2022/2023

Grupo de Danza Contemporánea do Conservatorio Profesional de Danza de Lugo

Carmen Candales, Silvia Eijo, Reyes González e Marina Rojas coreografías

Alumnado de 4º de Deseño de Interiores e 3º de Deseño Gráfico da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón escenografía, *lighting design* e videoarte

Eva Valle, Marieta Ríos, Natalia Crecente e Xoan Luaces coordinación

A OBRA

«Music for 18 Musicians é unha peza que dura aproximadamente 1 hora. Os primeiros bosquejos da obra foron feitos en maio de 1974, pero a composición non foi rematada ata marzo de 1976. Aínda que o seu pulso firme e enerxía rítmica son moi semellantes ós de moitos dos meus traballos anteriores, a súa instrumentación, estrutura e harmonía son novas.

En canto á instrumentación, Music for 18 Musicians é nova no número e na distribución dos instrumentos: violín, violoncello, 2 clarinetes que tamén tocan clarinete baixo, 4 voces de muller, 4 pianos, 3 marimbas, 2 xilófonos e vibráfono. Todos os instrumentos son acústicos e o uso da electrónica límitase á amplificación con micrófonos das voces e dalgúns instrumentos.

Hai máis movemento harmónico nos primeiros cinco minutos desta peza que en calquera outra obra completa miña das rematadas ata ese momento. Aínda que o movemento de acorde a acorde é moitas veces

apenas unha distribución nova das voces, unha inversión ou un cambio de relativo menor a maior ou viceversa (xeralmente permanecendo nunha tonalidade con 3 dieses en todo momento), o movemento harmónico, dentro deses límites, xoga un papel máis importante nesta peza que en calquera outro traballo que tivera escrito.

En canto ó ritmo, existen basicamente dous tipos de pulsos que ocorren simultaneamente. O primeiro é o pulso regular dos pianos e dos instrumentos de láminas que se estende ó longo de toda a peza, e o segundo é o ritmo da respiración de voces humanas e dos instrumentos de vento. Toda a sección do inicio e do final da peza, mais parte de todas as seccións entre elas, conteñen estes pulsos das voces e os ventos. Estes músicos toman aire plenamente e cantan ou tocan as súas notas repetidas correspondentes durante tanto tempo como poidan confortablemente. A capacidade da súa respiración é a medida da duración da súa emisión de notas repetidas. Esta combinación de respiracións unha detrás doutra desaparecendo gradualmente como ondas contra o ritmo constante dos pianos e os instrumentos de láminas é algo que non tiña oído antes e gustárame seguir investigando.

A estrutura de Música para 18 músicos está baseada nun ciclo de once acordes tocados no inicio da peza que se repiten ó final. Todos os instrumentos e voces tocan ou cantan notas repetidas en cada acorde. Os instrumentos de corda imitan os patróns de subida e baixada da respiración feitas polos clarinetes baixo. A duración de cada acorde mantense durante dúas respiracións e a continuación introdúcese o acorde seguinte, e así sucesivamente, ata que os once acordes sexan tocados e o grupo volva ó primeiro acorde. Nese momento, o primeiro acorde pasa a ser mantido dun xeito repetitivo por dous pianos e dúas marimbas.

Mentres este acorde é mantido durante uns cinco minutos, unha pequena peza ou motivo constrúese sobre el. Cando se completa esta pequena peza, prodúcese un cambio repentino ó segundo acorde e unha segunda peza pequena ou sección vólvese a construír. Isto significa que cada acorde que podería ter durado quince ou vinte segundos na primeira sección da obra é agora estendido cunha melodía repetitiva durante uns cinco minutos, do mesmo xeito que unha única nota no cantus firmus ou unha melodía cantada dun Organum de Perotin do século XII podía ser estirada durante uns minutos como o centro harmónico dunha sección do Organum. O ciclo de once acordes de Music for 18 Musicians é unha especie de cantus firmus repetido para toda a peza.

Constrúese unha peza sobre cada acorde, excepto no terceiro acorde que se constrúen dúas. Estas pezas ou seccións teñen unha estrutura musical en forma de arco (ABCDCBA) ou en forma de proceso musical que utiliza patróns de substitución de sons por silencios, desenvolto en si mesmos de principio a fin. Elementos que aparecen nunha sección reaparecen noutra, pero rodeados por unha harmonía e instrumentación diferente. Por exemplo, o pulso rítmico dos pianos e marimbas nas seccións 1 e 2, cambian ás marimbas e xilófonos na sección 3A e ós xilófonos e maracas nas seccións 6 e 7. As harmonías graves de notas repetidas no piano da sección 3A reaparecen na sección 6 para apoiar unha melodía diferente tocada por outros instrumentos. O

proceso de aumentar un canon ou unha relación de fase entre dous xilófonos e dous pianos que ocorre por primeira vez na sección 2, reaparece de novo na sección 9, pero aumentado ata outro modelo total nun contexto harmónico diferente. A relación entre diferentes seccións compréndese desta maneira mellor en termos de semellanzas entre membros dunha familia instrumental. Certas características son comúns, pero outras serán únicas.

O cambio dunha sección para a seguinte, así como os cambios dentro de cada sección, son marcados polo vibráfono, cuxo patrón é tocado unha soa vez para ordenar o paso ó seguinte compás, tal e como acontece na música de Gamelán de Bali ou na música da África occidental, onde un tambor ordena de forma audible os cambios de patrón rítmico. Isto contrasta cos sinais visuais de cabeza necesarios nas miñas primeiras pezas para pedir cambios e tamén coa práctica xeral na música occidental de ter un director non-intérprete para grupos grandes. Estes sinais sonoros forman parte da música e permítenlle ós músicos seguir escoitando e concentrados».

Steve Reich

O COMPOSITOR

Steve Reich

New York, 1936

Considerado por moitos como o mellor compositor americano do noso tempo, é un dos pioneiros do minimalismo na música, xunto con outros compositores como La Monte Young, Terry Riley e Philip Glass.

Graduouse en filosofía na Cornell University e estudou composición con William Bergsma e Vincent Persichetti na Juilliard School of Music e con Luciano Berio e Darius Milhaud no Mills College. Tamén realizou estudos de percusión africana no Institute for African Studies da University of Ghana en Accra, música do Gamelán de Bali na American Society for Eastern Arts en Seattle e Berkeley (California) e canto litúrxico das Sagradas Escrituras Hebreas en New York e Jerusalem. O coñecemento destas músicas, así como o do jazz, están presentes nas súas composicións.

Nos seus inicios desenvolveu varias técnicas de composición musical como o uso de loops gravados en cinta, efectos de fase repetidas e novos conceptos musicais como a retroalimentación con micrófonos ou o alongamento. Depois foi abandonando a experimentación tecnolóxica para seguir explorando novas formas de expresión musical coa utilización de conxuntos estritamente instrumentais.

Reich ten recibido encargos de institucións coma o Barbican Centre de Londres, o Holland Festival, San Francisco Symphony, Festival de Viena, Hebbel Theater de Berlín, Brooklyn Academy of Music, e de intérpretes como o guitarrista Pat Metheny, o clarinetista Richard Stoltzman ou o Kronos Quartet. A súa música foi interpretada por agrupacións como a London Symphony Orchestra, New York Philharmonic Orchestra, Boston Symphony Orchestra, San Francisco Symphony, The Modern Ensemble, Ensemble Intercontemporain ou a London Sinfonietta. Gañou dous premios Grammy polas súas obras *Different Trains* e *Music for 18 Musicians*, así como os prestixiosos premios Praemium Imperiale, Polar Music Prize, Pulitzer in Music e o Premio da Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento.

COMENTARIOS SOBRE *MUSIC FOR 18 MUSICIANS* E A ESTÉTICA DE STEVE REICH

«En 1978 estaba traballando nunha gran tenda de discos no centro de Manhattan. Unha das vantaxes de estar no departamento de cassettes era que tiña o control do sistema de son da tenda, do cal abusaba a miúdo. Sobre todo escoitabamos Blondie, The Cars, Donna Summer e The Clash. Entón, un día chegou un LP de aspecto espartano, descoñecido para nós excepto polo seu selo extravagante e orientado ó jazz progresivo: ECM. Quizais iso levou a un de nós a poñelo cun volume alto na esperanza de causar un pouco de caos na hora do almorzo. Aínda que non puidemos fomentar un motín, a sufocante, abarrotada e triste tenda transformouse certamente. Os clientes detivéronse en plena faena e ladearon as súas cabezas, máis por admiración que por irritación. O persoal normalmente imperturbable que se enorgullecía de ser capaz de identificar calquera cousa que escoitaba caeu nunha gran confusión. Incluso aqueles que a encontraron enlouquecedoramente repetitiva foron conquistados polo seu sedutor brillo colorista e pola forma en que evocaba á música non occidental, á música clásica e ó jazz, sen soar como ningunha delas. ¿Que era esa música? E o máis importante, ¿como deberíamos calificala?»

*Non estando iniciado no minimalismo, nunca antes escoitara música de Steve Reich. De inmediato merquei *Music for 18 Musicians*, e non é unha esaxeración dicir que, musicalmente, a miña vida non foi a mesma dende ese momento (...). *Music for 18 Musicians* non só é unha das grandes composicións de Steve Reich, senón unha das obras que pode reclamar con razón ter alterado o curso da música occidental».*

K. Robert Schwarz
Crítico musical

«A grandeza de Steve Reich é un feito. A súa reputación como creador fundamental da música contemporánea está máis ou menos gravada en pedra. Na década de 1960 e 70 encontrou unha solución rigorosa a un problema acuciante: como restaurar, tras un longo período de experimentación, os praceres básicos da harmonía estable e o pulso firme. Reich fíxoo dunha maneira que foi sen dúbida moderna e para nada nostálgica ou neo-romántica. Obras como *Drumming*, *Music for 18 Musicians*, *New York Counterpoint* ou *You Are (Variations)* resoan limpamente a través das cavernas da mente, deixando o oínte nun estado de desperto deleite. A influencia de Reich é enorme, de grande alcance fóra da composición clásica para abarcar ó jazz, rock, pop, música electrónica e hip-hop. Algúns días, cando recoñezo o eco deses brillantes patróns musicais nas bandas sonoras dos anuncios ou emerxendo dos altosfalantes das discotecas, paréceme que vivimos nun mundo orquestrado por Reich».

Alex Ross

Escritor e crítico musical

PROGRAMA DETALLADO

- **Steve Reich** *Music for 18 Musicians* (1976) 3 marimbas, 2 xilófonos, vibráfono, violín, violonchelo, 2 clarinetes e clarinetes baixos e 4 voces femininas
 - Pulses
 - Sección I
 - Improvisación de danza
 - Profesora: Reyes González
 - Grupo: 3º Grao Profesional
 - Sección II
 - Vídeo: alumnado de 3º Deseño Gráfico
 - Sección IIIA
 - Improvisación de danza
 - Profesoras: Carmen Candales e Marina Rojas
 - Grupo: 6º Grao Profesional
 - Sección IIIB
 - Improvisación de danza
 - Profesoras: Carmen Candales e Marina Rojas
 - Grupo: 6º Grao Profesional
 - Sección IV
 - Sección V
 - Vídeo: alumnado de 3º Deseño Gráfico

- Sección VI
 - Improvisación de danza
 - Profesoras: Carmen Candales e Marina Rojas
 - Grupo: 6º Grao Profesional
- Sección VII
 - Improvisación de danza
 - Profesoras: Silvia Victoria Eijo
 - Grupo: 5º Grao Profesional

Sección VIII

- Improvisación de danza
- Profesoras: Carmen Candales y Marina Rojas
- Grupo: 6º Grao Profesional
- Sección IX
- Vídeo: alumnado de 3º Deseño Gráfico
- Sección X
- Sección XI
- Pulses

OS ARTISTAS PARCICIPANTES

Cardinais - Academia Internacional Vertixe Sonora 2022/2023

Daniela Antunes, Laura Candame, Sara Pérez e Sara Reija voces | Xoán Carro violín | Uxía Sierra e Victoria Oropeza clarinete en si b e clarinete baixo | Rubén Canedo violonchelo | David Durán, Luis Ángel Martínez, Haruna Takebe e Gloria Uzal piano | Pablo Carballeira, César Fouce, Ismael Moeda, Lucas Souto, Afonso Traficante, Pablo del Valle e Diego Ventoso percusión | Iván Ferrer técnico de son | Enrique Martínez dirección vocal

Grupo de danza contemporánea do Conservatorio Profesional de Danza de Lugo

Baixo a dirección das profesoras:

Carmen Candales Hermida

Silvia Eijo Bazarra

Reyes González Canda

Marina Rojas Valladolid

3º Grao Profesional:

Uxía Alonso Vieira

Aldara Ceide Couce

Naiara Diéguez Romero

Uxía Migueiz Armesto

Irea Otero García

Noa Roca Cruz

Irene Sisto Felpete

Mateo Usera Prado

5º Grao Profesional:

Sofía Brezmes González

Guadalupe Carballo Estévez

Carla Martínez Portomeñe

Aldara Rodríguez Pereira

6º Grao Profesional:

Lucía Álvarez Pardo

Xacobe Bruña Alonso

Álex Casal Suárez

Ignacio Illán Sastre

Aroa Pérez Alonso

Laura Reboredo González

Francisco Agustín Seira González

Helena Silva Fernández

Amparo Silva Rodríguez

Alumnado da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo

Escenografía e Lighting Design

Baixo a dirección da profesora: Eva Valle Legido

Alumnado de 4º curso de Escenografía de Deseño de Interiores:

Sara Kardad

Melanie Potes Lago

Pablo Rodríguez Regueiro

Identidade Visual

Baixo a dirección da profesora: Natalia Crecente García

Alumnado de 3º curso de Proxectos II de Deseño Gráfico:

Noelia Álvarez Penedo

Déborah Andión Varela

Marcos Bañobre Piñón

Carla Blanco Sánchez

Andrea Canosa Lojo

Adrián Fernández Aguiar

José Esteban Fernández López

Alberto Fidalgo Rodríguez

Tatiana García Collazos

Laura García Moldes

Margarita González García

Daimer Plata Quiroga

Daniel Boullosa Obelar

Elena González Medeiros

Manuel Martínez Carballo

Iria Maseda Piñeiro

Paula Mata García

Laura Moral Rodríguez

Sandra Noguero Quintáns

Alexandra Parga Pérez

Carlos Rego Puente

Lucía Rubido Pernas

Sara Santaya Prieto

Adrián Tre Polo

Baixo a dirección da profesora: Marieta Ríos Peleteiro

Alumnado de 4º curso de Gráfica Aplicada aos Espazos:

Antía Enríquez Navia

Sara Kardad

Sheila López Pazos

Melanie Potes Lago

Pablo Rodríguez Regueiro

Fernando Del Río Figueira

Ian Díaz Folgueira

Andrea Fernández Fernández

Marina Freán Darriba

Carla Montes Flores

Laura Sánchez Soengas

Videoarte

Baixo a dirección do profesorado:

Natalia Crecente García e Xoan Luaces Fandiño

Alumnado de 3º curso de Proxectos II e Técnicas Audiovisuais e de Animación de Deseño

Gráfico:

Noelia Álvarez Penedo

Déborah Andión Varela

Marcos Bañobre Piñón

Carla Blanco Sánchez

Andrea Canosa Lojo

Adrián Fernández Aguiar

José Esteban Fernández López

Alberto Fidalgo Rodríguez

Tatiana García Collazos

Laura García Moldes

Margarita González García

Daimer Plata Quiroga

Daniel Boulosa Obelar
Elena González Medeiros
Manuel Martínez Carballo
Iria Maseda Piñeiro
Paula Mata García
Laura Moral Rodríguez
Sandra Noguerol Quintáns
Alexandra Parga Pérez
Carlos Rego Puente
Lucía Rubido Pernas
Sara Santaya Prieto
Adrián Tre Polo

Fotografía

Baixo a dirección do profesor: Alfredo Yáñez López

Alumnado de 1º curso de Proxectos de Fotografía:

Manuela Bermúdez Albarenque
Amina Carracedo Prado
Guilherme Da Silva Teodoro Oliveira Lima
Patricia Dapena Jul
Lydia López Neira
Jessica Mera Redondo
Andrea Prado Rielo
Nerea Rodríguez Pérez

Merchandising

Baixo a dirección das profesoras: Faína Manchón González, Eva Valle e Natalia Crecente García

Alumnado de Taller de Técnicas Serigráficas de Serigrafía Artística:

Victoria Arias López
Angels María Caballero Salas
Eva Díaz Vilaboa
Pablo Esteves Blanco

Alicia Fernández Allén

Naomi Macarena Gómez Naveira

Eliseo López López

Anais López Moreno

Alejandra Orozco Calvete

Liam Paz Pimentel

Geraldine Pérez Acevedo

Eva Quintela Paz

David Roberto Ticusan

Naiara Vázquez Fernández